


A lingua e a súa organización

1. A lingua e a súa organización

Os seres humanos comunícanse a través da combinación da **linguaxe non verbal** (xestos, sons, olores, sabores etc.) e da **linguaxe verbal**, que é a facultade biolóxica mediante a cal estes poden transmitir información por medio de signos lingüísticos e que se acostuma manifestar no uso das diferentes linguas.

Cada **signo lingüístico** é resultado da asociación arbitraria e convencional dun **significante** (que consta dunha impresión acústica - son- e dunha imaxe visual - grafía-) cun **significado** (ou concepto) para designar un **referente** (que constitúe o obxecto particular, real ou virtual).



Chamamos **lingua** ao código utilizado por unha comunidade para se comunicar. Este código está constituído por un sistema de signos lingüísticos (orais e escritos) relacionados entre si por medio dunha serie de regras para dar lugar a un número ilimitado de mensaxes.

Pola súa parte, as regras que determinan a combinación dos signos lingüísticos nun idioma, atendendo á forma, á función e ao significado, constitúen a **gramática** dese idioma. Así, segundo o seu obxecto de estudo, a Gramática estrutúrase en varias disciplinas, nas cales encontramos unidades cada vez máis complexas: Gramática do son e do fonema, Gramática do morfema e da palabra, Gramática da frase, da cláusula e da oración e Gramática do enunciado e do texto.

2. Gramática do son e do fonema

No nivel fónico da lingua podemos diferenciar dúas unidades mínimas: o son e o fonema.


O **son** é a unidade lingüística mínima da lingua. Cando un determinado son permite diferenciar palabras recibe o nome de **fonema**. Por exemplo, os sons [e]-[ɛ] conforman dous fonemas /e/-/ɛ/ porque podemos diferenciar as palabras *pe* 'letra' /*pé* 'extremidade'.

As disciplinas lingüísticas que se ocupan do son e do fonema son, respectivamente, a **Fonética** e a **Fonoloxía**.

2.1. Sistema vocálico e sistema consonántico

O **sistema vocálico** do galego, que consta de sete fonemas vocálicos ou vogais, caracterízase pola presenza da oposición aberta/fechada nas vogais medias, o cal permite distinguir pares de palabras (*bóla/bola*). Estas vogais medias abertas tamén se rexistran noutras linguas románicas, como o catalán (*coll*), o francés (*mèr*) e o italiano (*vento*), e mesmo en linguas xermánicas como o inglés (*horse*).

O **sistema consonántico**, pola súa vez, está formado por dezanove fonemas consonánticos ou consoantes.



	Bilabial		Labio-dental		Inter-dental		Dental		Alveolar		Palatal		Velar	
Xorda/Sonora	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s	x	s
Oclusiva	/p/	/b/					/t/	/d/					/k/	/g/
Fricativa			/f/		/θ/				/s/		/ʃ/			
Africada											/tʃ/			
Nasal		/m/							/n/		/ɲ/		/ŋ/	
Lateral									/l/		/ʎ/			
Vibrante simple									/r/					
Vibrante múltipla									/r̄/					

3. Gramática do morfema e da palabra

O **morfema** e a **palabra** son as unidades gramaticais existentes no plano morfolóxico da lingua. Do seu estudo ocúpase a **Morfoloxía** (a través da forma) e a **Semántica** (por medio do significado).

A palabra, que vén delimitada na escrita por un espazo en branco no inicio e outro na fin, é o conxunto de sons dotados de significado e pode estar constituída por un ou varios morfemas, que son as unidades mínimas con significado lexical ou gramatical.

3.1. Tipos de morfemas

Segundo a estrutura interna dunha palabra, o morfema pode clasificarse en morfema radical, morfema afixo flexivo e morfema afixo derivativo.

Tipos de morfema	Definición	Exemplos
Morfema radical ou lexema	Achega o significado léxico da palabra.	<i>rapaz-a-s, est-a-ba-n, quen</i>
Morfema afixo flexivo	Informa sobre o xénero, o número, a persoa, a conjugación, o tempo, o modo ou o aspecto.	<i>rapaz-a-s, est-a-ba-n</i>
Morfema afixo derivativo Prefixo Sufixo	Colócase antes do radical completando o seu significado. Aparece após o radical para modificar o seu significado.	<i>des-facer, re-vender</i> <i>marabill-oso, facil-mente</i>

3.2. Tipos de palabras

Atendendo á súa estrutura, distinguimos entre palabra simple, derivada e composta.

Tipos de palabra	Definición	Exemplos
Palabra simple	Consta dun único morfema radical e, opcionalmente, de morfemas flexivos.	<i>alto, alta, altos, altas; ler, les, leses; este, esta, isto</i>
Palabra composta	Conta con dous ou máis morfemas radicais.	<i>máquina de escribir, paraugas, histórico-social</i>
Palabra derivada	Presenta un prefixo (afixo anteposto ao radical). Posúe un sufixo (afixo posposto ao radical). Está formada pola unión simultánea dun prefixo e dun sufixo, sen que exista unha palabra intermedia.	<i>rexurdir, supermercado</i> <i>claridade, mariñeiro</i> <i>alongar, endurecer</i>

3.3. Categorías gramaticais

As palabras que partillan trazos morfolóxicos, sintácticos e semánticos comúns agrúpanse en **categorías gramaticais** ou clases de palabras, que poden ser variábeis e invariábeis conforme flexionen en xénero, número e/ou persoa. Así, diferéncianse sete categorías:

Categoría gramatical	Definición	Exemplo
Variábel	Substantivo Nomea seres animados ou inanimados, accións, estados, sentimentos e calidades.	<i>muller, xirafa, Ulla, zoca, maldade</i>
	Adxectivo Designa unha calidade atribuída a un ser, a un obxecto ou a un concepto.	<i>fácil, baixo/a, difícilísimo/a</i>
	Verbo Expresa accións, estados ou procesos, situados nun tempo, nun modo, nun número e nunha persoa determinados.	<i>ser, comprobamos, trouxo, lambiches</i>
Variábel / Invariábel	Pronome Carece de significado concreto; para precisarmos o seu significado necesitamos coñecer o contexto.	<i>eu, esa, voso, a, outro, alguén, vixésimo, quen, onde</i>
	Adverbio Indica circunstancias de lugar, de modo etc. relativas a unha acción, a unha calidade ou a un estado.	<i>acólá, antonte, así, quizais</i>
Invariábel	Preposición Introduce frases ou cláusulas.	<i>a, até, desde, tras</i>
	Conxunción Conecta frases, cláusulas ou oracións.	<i>e, xa que, nin, se</i>

4. Gramática da frase, da cláusula e da oración

As palabras poden combinarse en tres unidades superiores, que son obxecto de estudo da **Sintaxe**: a **frase**, que está conformada por unha ou varias palabras organizadas á volta dun **NÚCLEO**; a **cláusula**, que presenta un verbo principal ou varios verbos subordinados; e a **oración**, que se compón de dúas ou máis cláusulas situadas no mesmo nivel xerárquico.

4.1. Tipos de frases, cláusulas e oracións

As **frases** divídense en seis tipos: frase substantiva, frase nominal, frase adxectiva, frase verbal, frase adverbial e frase preposicional.

Pola súa parte, as **cláusulas** poden ser simples e complexas.

E, finalmente, as **oracións** clasifícanse en compostas e bipolares.

5. Gramática do enunciado e do texto

As unidades sintácticas (frases, cláusulas e oracións) organízanse, no nivel textual da lingua, para crear un **enunciado** ou varios, que á súa vez se pode combinar con outros formando un texto.

O **texto**, que é a unidade máxima da comunicación, defínese como unha secuencia discursiva, oral ou escrita, que debe cumprir as propiedades de adecuación, coherencia e cohesión.

A **Gramática do texto** é a disciplina que se centra no nivel textual.

5.1. Modalidades do enunciado

Por **modalidades do enunciado** entendemos as diferentes maneiras de expresar un enunciado segundo a actitude e a intención do/da falante. Desde este punto de vista, diferenciamos sete modalidades:

Modalidade	Definición	Exemplos
Enunciativa	Informa obxectivamente de algo, afirmándoo ou negándoo.	<i>Roi (non) come moito.</i>
Interrogativa	Serve para preguntar.	<i>Que fas?</i>
Exclamativa	Expresa sentimentos e emocións (admiración, sorpresa...)	<i>Vaia coche mercaches!</i>
Imperativa ou exhortativa	Indica consello, petición, orde ou prohibición.	<i>Senta e escoita.</i>
Desiderativa	Expresa un desexo.	<i>Oxalá aprobe este exame.</i>
Dubitativa	Transmite unha dúbida.	<i>Talvez compre ese.</i>
De posibilidade	Denota posibilidade ou probabilidade.	<i>Deben ser as dúas.</i>

5.2. Marcadores discursivos

As unidades que garanten a cohesión entre as distintas partes do texto denomínanse **marcadores discursivos** ou conectores.

Funcionan como marcadores discursivos as conxuncións e as locucións conxuntivas (*non obstante, porén, porque, ou*), os adverbios e as locucións adverbiais (*agora, a seguir, finalmente, non?*), os adxectivos (*ben, claro*), os verbos (*escoita, desculpe*), os substantivos (*home*), as preposicións e as locucións prepositivas (*co obxectivo de, á diferenza de*), as interxeccións (*eh, bah*), certas expresións (*en primeiro lugar, por outra parte, como xa indicamos*

